

# **MANIFESTO**

## ***POR MOITA LEI QUE CAMBIEN, NON NOS TAPARÁN OS OLLOS, NÓS TAMÉN SOMOS PAISAXE***

### **“EÓLICA ASÍ NON**

16 Decembro de 2025

Parlamento de Galiza

O Parlamento Galego, a través do Partido Popular, volve poñerse ao servizo dos intereses empresariais fronte ao interese común. A chamada “lei de acompañamento” aos Orzamentos de 2026 é, unha vez máis, unha trapela lexislativa para introducir cambios profundos sen debate público, sen transparencia e á marxe da cidadanía. En 2023, o PP xa utilizou esta norma para declarar con carácter retroactivo os proxectos eólicos de interese público superior, priorizando esta actividade sobre calquera outra que se desenvolva no territorio. En 2024, volveu facer un uso espurio desta norma para animar ás promotoras eólicas a burlar as disposicións xudiciais, outorgándolles o dereito de repetir a tramitación dos proxectos paralizados cautelarmente polos tribunais. E hoxe, 16 de decembro de 2025, o Partido popular aproba esta lei para declarar de forma unilateral que todos os parques eólicos son compatibles coa paisaxe galega. E de novo, faino sen escoitar á xente, sen participación social, e diluíndo o significado real da paisaxe.

A paisaxe non é un obxecto que se quita ou se pon, non é un decorado comercial, non é un engadido innecesario. A paisaxe está vencellada á identidade do pobo, ás persoas e á natureza que habitan o territorio. A paisaxe galega é cultura, é memoria, é historia e é futuro. A paisaxe, somos nós!

Rueda quere deixar ao pobo galego espido, xordo e cego. Pretende ocultar aos nosos ollos o que é evidente: o impacto paisaxístico da enerxía eólica. Acaso, as persoas que viven dentro de poligonais eólicas ou a escasos metros dun aeroxerador poden esquivar da súa mirada a presenza dos muíños de vento? Acaso aquelas veciñas ás que lles expropian as súas terras con fins especulativos e en contra da súa vontade, poden evitar pasar por alto a existencia destas megainfraestruturas? Acaso os peregrinos de Santiago deixan de perceber os aeroxeradores instalados a carón do Camiño por estaren pintados con motivos xacobeos? Acaso as aguias reais, as tartarañas ou os millafres reais deixan de espetarse contra as pás dos eólicos por unha disposición legal? Acaso o pobo galego poderá recoñecerse nunha paisaxe ocupada por milleiros de tarabelas de máis de 200 metros de altura? Hai verdades que non se poden ocultar, nin se poden eliminar por decreto. A Xunta de Galiza está a ofender a nosa intelixencia colectiva.

Ademais, esta norma que hoxe se aproba no Parlamento galego contravén o Convenio Europeo da Paisaxe, a lei galega da paisaxe de 2008 e as directrices de calidade paisaxística de Galiza. A partir de agora, nin as Áreas de especial interese paisaxístico, nin as paisaxes protexidas de Galiza estarán a salvo dos polígonos do oligopolio eólico. De novo, a arbitrariedade da Xunta pasa por riba dos criterios técnicos e científicos, da xustiza social, da ecoloxía e do interese xeral. Para Rueda todo vale, incluso o sacrificio da nosa paisaxe, con tal de favorecer os beneficios do Capital.

Por se fora pouco, a ofensiva contra o territorio complétase este ano coa presentación da Lei de Administración Ambiental Simplificada. Unha nova lei depredadora que reduce a nosa terra a unha mera cuestión administrativa, que muda a protección ambiental pola súa simple administración. Esta norma pretende dismantelar décadas de avance normativo, minguar aínda máis a participación social, comprimir aínda máis os prazos de tramitación e abrir a porta á privatización encuberta das avaliacións ambientais. De aprobarse esta norma, todos os proxectos eólicos pasarán a tramitarse pola vía rápida, con menos información pública e con escasas garantías legais. Ademais, os concellos perderán competencias e a Rede Natura 2000 verase debilitada, ao permitir a instalación de liñas de evacuación da enerxía eólica nos espazos naturais protexidos. Como remate, a lei de administración ambiental simplificada, exime de avaliación ambiental a aqueles proxectos eólicos que promovan en zonas de aceleración das enerxías renovábeis.

Non é simplificación, é desregulamentación; non é xestión territorial, é depredación; non é aceleración da transición enerxética, é retroceso democrático. Por moito que cambien as leis, non nos van tapar os ollos. Así que, retiremos as vendas, refreguemos os ollos e sigamos loitando contra a invasión eólica e por un modelo enerxético ao servizo do pobo, xusto coas persoas, respectuoso co medio ambiente e digno para o país.

Desde a Coordinadora “Eólica Así Non” declaramos incompatible o goberno da Xunta de Rueda co futuro do país e insistimos: Non imos renunciar á nosa terra, non imos renunciar á nosa paisaxe, non imos renunciar a ser nós!

**Nós tamén somos Paisaxe!**

**Eólica Así Non!**